

9.- Plan de Igualdade C.E.I.P A Igrexa – Calo

Curso 2.021 – 2.022





ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- DIAGNÓSTICO DA EDUCACIÓN EN IGUALDADE NO NOSO CENTRO	4
• 2.1.- Persoal docente.....	4
• 2.2.- O alumnado.....	5
• 2.3.- Criterios en canto á distribución dos alumnos/as.....	6
• 2.4.- Os espazos.....	6
• 2.5.- A documentación e comunicacións ás familias.....	6
3.- ACTIVIDADES QUE SE LEVAN A CABO TÓDOLOS CURSOS EN RELACIÓN Á COEDUCACIÓN E IGUALDADE	7
• 3.1.- Actividades puntuais para traballar a coeducación.....	7
• 3.2.- A biblioteca como recurso para educar en igualdade.....	8
4.- PRINCIPIOS ORIENTADORES E OBXECTIVOS	9
• 4.1.- Principios.....	9
• 4.2.- Obxectivos.....	10
• 4.3.- Ámbitos.....	10
5.- MEDIDAS E ACTUACIÓNS	11
6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN	12
• 6.1.- Referencias Lexislativas.....	13
7.- PROPOSTA ACTIVIDADES 25 DE NOVEMBRO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	13

1.- INTRODUCCIÓN

Ser competente en igualdade significa, segundo a lexislación educativa, educar en función do sexo e de valores, fundamentalmente educar no respecto cara aos e ás demais.

Unha educación coherente por e para a igualdade ten que admitir que nestes momentos actuais é necesario non só transmitir uns valores, senón que a través deles a escola cambie. Esta é a finalidade educativa do noso proxecto porque partimos da idea de que traballando con e para as persoas desde educación infantil chegaremos a construír unha rede que progresivamente terá poder para ir transformando a escola.

Se a educación cambia, a sociedade cambia. Dito así parece que transformar é unha tarefa doada, pero a realidade cotiá coa que nos atopamos é a falta de recursos nas escolas para poder levar a cabo este cambio que se ralentiza no tempo.

Deberase acadar para elo o compromiso da comunidade educativa: mestres, familias, alumnos, persoal non docente tendo ao Equipo Directivo como axente de igualdade.

Creación dentro do seo do Consello Escolar dun grupo de traballo (Comisión de Igualdade) para a elaboración, seguimento e avaliación do Plan no que estean presentes todos os sectores.

Un plan de igualdade para o noso centro educativo é un guión que coordina as diferentes accións que se queren respecto á coeducación. Isto significa que non ten por que ser un documento complicado nin que supoña moito tempo na súa elaboración, senón que ten que servir para o obxectivo que se propón: levar a igualdade ás aulas de forma sistemática e xeneralizada no centro. Implica a tódolos sectores da Comunidade Educativa: Equipo Directivo implicado no tema, profesorado formado e ilusionado co Plan, familias receptivas, etc.

Cando falamos de planificar un plan de igualdade, estamos referíndonos a un documentoguía que será propio para o noso centro centro, xa que cada contexto necesita unhas accións determinadas.

2.- DIAGNÓSTICO DA EDUCACIÓN EN IGUALDADE NO NOSO CENTRO

Faremos unha análise diagnóstica a nivel cuantitativo e cualitativo sobre a situación actual do centro en canto á ámbitos nos que hai ou non igualdade efectiva entre homes e mulleres: persoal, espazos, documentos de centro, materiais.... A poboación de estudio está formada por todos os sectores da comunidade educativa.

O ámbito de escolarización do CEIP A IGREXA – CALO abarca as parroquias de San Xoán de Calo, Santa M^a de Lampai e Santa M^a de Luou. Debido a proximidade xeográfica tamén acude a este centro alumnado de Milladoiro (Ames).

O centro está emprazado no lugar de Fixó nº 14, na parroquia de San Xoán de Calo, concello de Teo.

O edificio está emprazado dentro dun recinto cerrado con dúas entradas principais. Unha delas é a de acceso ao recinto para os alumnos que acceden directamente ao patio. Asegunda está situada na fachada principal, e por ela accede o profesorado e demais membros da comunidade educativa, así como provedores e calquera outra persoa que precise facer algunha xestión no centro.

Anexo ao edificio principal hai un local (antiga casa do conserxe) destinado a biblioteca.

Ademais está o aulario de infantil, tamén anexo ao antigo edificio. Este edificio consta de 6 aulas co seu aseo correspondente, sala de profesorado, sala de psicomotricidade e outras dependencias.

2.1.- Persoal docente

- O Equipo Directivo

Director: Don Pablo Barge Carrete

Xefa de Estudos: Dona Montserrat Guillamó Dieste

Secretaria: Dona Elena Vaamonde Porto

Porcentualmente o 66,6% son mulleres

- O claustro de profesores

O Claustro de Profesores está formado por 31 mestres (especialistas e titores/as) dos cales 24 son mulleres e 7 homes). En porcentaxe o 77,41 % son mulleres.

- O Consello Escolar

Está constituído polo Equipo Directivo, 5 profesores (deles un home), 4 representantes do sector de pais/nais (3 mulleres e 1 home), un home representante da ANPA, unha muller representante do Concello e unha muller representante do persoal de Admon. e Servizos. Na súa totalidade e disgregando por sexo, o 66,6% son mulleres.

2.2.- O alumnado

ALUMNOS/AS E DISTRIBUCIÓN POR SEXO						
ETAPA	CICLO/NIVEIS		NENAS	NENOS	TOTAL	% NENAS
Educación Infantil	2º CICLO	4ª EI	17	6	24	70,83%
		5ª EI	7	8	15	46,66%
		5ª B EI	7	8	15	46,66%
		6ª EI	11	9	20	55,00%
		6ª B EI	11	11	22	50,00%
Educación Primaria	1º Nivel	1º A	11	13	24	45,83%
		1º B	9	14	23	39,13%
	2º Nivel	2º A	9	11	20	45,00%
	3º Nivel	3º A	7	16	23	30,43%
		3º B	8	16	24	33,33%
	4º Nivel	4º A	17	7	24	70,83%
		4º B	16	9	25	64,00%
	5º Nivel	5º A	12	13	25	48,00%
		5º B	11	14	25	44,00%
	6º nivel	6º A	12	6	18	66,66%
		6º B	10	8	18	55,55%
		6º C	13	5	18	72,22%

2.3.- Criterios en canto á distribución dos alumnos/as:

Os criterios a seguir no agrupamento do alumnado na aula e nivel son os seguintes:

- Idade.
- Orde alfabética, agás cando coincida moito alumnado do mesmo xénero nun mesmo grupo. Neste caso farase unha distribución tendo en conta a equidade de xénero. Para iso, moverase o alumnado do final do grupo A e do principio do grupo B.
- Criterios de orde pedagóxica.
- Equilibrio no número de alumnado nos grupos do mesmo nivel.
- Distribución equitativa no caso de alumnado repetidor.
- No caso de xemelgos teranse en conta as preferencias dos proxenitores.

2.4.- Os espazos

Dentro das aulas os alumnos/as distribúense aleatoriamente segundo afinidades, orde de lista ou criterios pedagóxicos que o profesorado poida considerar necesario.

O centro conta con un gran espazo adicado ás actividades deportivas e períodos de lecer. Este espazo está distribuído arredor do centro tendo en conta a separación para o disfrute de distintos deportes (fútbol, baloncesto, brilé, ...), mesmo espazo para xogos (cordas, gomas, mariolas...) e espazo de relaxo o paseo. Estes espazos distribúense sen ter conta o sexo e tendo en conta os diferentes ciclos, rotando semanalmente para que a totalidade do alumnado poida disfrutar de todos eles.

Aínda sí obsérvase que os espazos adicados a fútbol, baloncesto ou balonmán son habitualmente ocupados por alumnado de sexo masculino, relegando os espazos de xogos e paseo para as nenas.

2.5.- A documentación e comunicacións ás familias

A documentación do centro faise en galego, máis cando é por escrito, procurando facer uso dunha linguaxe inclusiva. Os comunicados ás familias realízanse habitualmente en galego (sobre todo cando estes se fan por escrito). Utilízase o xeral alumnado ou profesorado,

disgregando por sexo (alumnos/as, nenos/as, ...), non sendo así no caso do profesorado no que habitualmente se usan os termos profesorado ou profesores (sen separar, profesores/as)

3.- ACTIVIDADES QUE SE LEVAN A CABO TÓDOLOS CURSOS EN RELACIÓN Á COEDUCACIÓN E IGUALDADE.

Dentro dos obxectivos que figuran na PXA anual, e que fan referencia ao ámbito da igualdade destacamos os seguintes:

- Desenvolver actitudes respectuosas e solidarias entre todos os membros da Comunidade Escolar
- Potenciar a autonomía persoal.
- Impulsar a autoconfianza e a autoestima
- Evitar na aula prácticas autoritarias ou descualificadoras e estimular a resolución dos conflitos por medio do debate e o consenso
- Fomentar o espírito crítico ante informacións e opinións, aplicando criterios propios e razoados.

3.1.- Actividades puntuais para traballar a coeducación

- **25 de Novembro : Día Internacional contra a violencia machista.** En colaboración co Concello e outras entidades da zona, celébrase este día programando actividades e actos que teñen como obxectivo a concienciación e a educación en igualdade en contra da violencia de xénero. (Ver anexo actividades programadas para o Día 25 de Novembro “Día Internación contra a violencia de xénero”)
- **8 de Marzo: Día Internacional da Muller :** Planificamos anualmente actividades e actos que teñen como obxectivo a visibilización da muller na sociedade. Dende o Departamento de Orientación e en colaboración co CIM do Concello planifícanse anualmente dous obradoiros para o alumnado de 4º e 5º nivel de Primaria : Obradoiro de Igualdade para 4º e Obradoiro de Autoestima para 5º.
- **Plan Director para a Convivencia nos centros educativos:** impártense para os niveis de 5º e 6º charlas sobre acoso, igualdade e seguridade nas redes. Inclúese

nesta actividade unha charla para pais/nais dende o 3º ao 6º nivel de Primaria.

- **CINENSINO**. Programa dirixido aos alumnos/as de 6º nivel que se solicita anualmente e que ten como obxectivo xeral o desenvolvemento do alumnado a nivel socioemocional e de valores.

3.2.- A biblioteca como recurso para educar en igualdade.

Consideramos a Biblioteca do centro como o primeiro espazo de documentación ademais doutras temáticas para a educación en igualdade. Citaremos só algúns libros como:

- Rosa Caramelo. Adela Turín. Edit. Kalandraka.
- Arturo e Clementina. Adela Turín. Edit.Lumen.
- Unha feliz catástrofe. Adela Turín. Edit. Lumen.
- O príncipe Cincento. Babette Cole. Edit.Destino.
- A princesa listiña. Babette Cole. Edit. Destino.
- Oliver Button é unha nena. Thomas Anthony De Paola. Edit. Everest.
- Outra cousa. Kathryn Cave. Edit. Elfos.
- Orelas de bolboreta. Luisa Aguilar. Edit. Kalandraka

Outros recursos didácticos cos que contamos e que forman parte da documentación da biblioteca sobre a temática é unha boa colección de vídeos e películas que emocionan como:

- Ferdinando
- Bechos
- Buscando a Nemo
- Lilo-E-Stich
- Pocahontas
- Mulan
- Tarzán
- Toy Story
- Up
- Inside Out (do revés)
- Billy Elliot.
- Quiero ser como Beckan

Tamén consideramos recomendables as curtametraxes como:

- Cordas
- Por catro esquiniñas de nada
- A viaxe de Said,
- A flor máis grande do mundo
- O home orchestra.

A música e a educación para a igualdade:

ANDALUNA Y SAMIR. “Igualdad de género”

BEYONCÉ. “Si yo fuera un chico”

COLORINES. “La tonta de mi prima”

DANZA INVISIBLE. “La mujer ideal”

DESCONOCIDO/A. “Al pasar por el cuartel”

ELLA BAILA SOLA. “Mujer florero”

LOS SUAVES. “No le grites”

MECANO. “Mujer contra mujer”

MILIKI, GABI, FOFO Y FOFITO. “Los días de la semana”

MILIKI, GABY Y FOFITO. “Papá y mamá”

MILIKI, GABY Y FOFITO. “Porompompon Manuela”

Outras....

4.- PRINCIPIOS ORIENTADORES E OBXECTIVOS

Deberán incluír dende o uso da linguaxe con perspectiva de xénero nos documentos do centro ata o desenvolvemento de accións encamiñadas á prevención e erradicación da violencia de xénero. Deste xeito rexerémonos polos seguintes principios:

4.1.- Principios

- Iguadade efectiva entre homes e mulleres
- Non discriminación de ningunha opción
- Respecto dos dereitos e liberdades de homes e mulleres.
- Empoderamento
- Transversalidade na educación
- A educación e a diversidade

- Participación
- Corresponsabilidade
- Uso de materiais non sexistas
- Resolución pacífica de conflitos
- Interseccionalidade

4.2.- Obxectivos

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na práctica docente a traveso de programar e realizar as diferentes actividades.
- Educar en igualdade, alonxándonos de estereotipos, prexuízos e discriminación por razóns de sexo e /ou orientación sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e do home en entornos igualitarios.
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Manter a representación equilibrada de nenas e nenos nas aulas.
- Velar por que o centro transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de homes e mulleres.
- Fomentar a corresponsabilidade.
- Actuar en situacións de acoso e/ou violencia de xénero

Estes obxectivos xerais que rexerán este plan deberán xirar arredor de diferentes ámbitos:

4.3.- Ámbitos.

1.- Ámbito da prevención da violencia de xénero e resolución pacífica dos conflitos, mediante:

- O fomento de formas de estar e convivir baseadas no respecto, no diálogo e no coidado
- Traballar na prevención de situacións de violencia

2.- Ámbitos do uso da linguaxe e comunicación

- Potenciando o uso dunha linguaxe inclusiva tanto nos documentos de comunicación interna como externa do centro.
- Favorecendo en todos os sectores da comunidade, o uso dunha linguaxe inclusiva nas relacións interpersoais entre iguais e adultos.

3.- **Ámbito dos estereotipos e roles de xénero e da corresponsabilidade**

- Visualizando a influencia dos roles de xénero nas condicións de vida, nas oportunidades e nas posibilidades de desenvolvemento persoal
- Sostituíndo estereotipos por imaxes reais nas que os homes e mulleres sexan valorados en igualdade.
- Sensibilizando ao alumnado sobre a importancia da corresponsabilidade

4.- **Ámbitos de materiais e recursos didácticos**

- Fomentando o uso de materiais didácticos que non presenten contido, linguaxe e / ou imaxes sexistas e propoñer alternativas

5.- **Ámbito dos espazos e xogos**

- Repartindo equitativamente o uso e disfrute dos espazos comúns e xogos por parte dos nenos e das nenas tanto nos patios de recreo como nas actividades extraescolares como complementarias.

5.- **MEDIDAS E ACTUACIÓNS**

As accións de sensibilización e formación e igualdade efectiva entre mulleres e homes pode deseñarse en diferentes actuacións:

1.- Creación dunha **Comisión de Igualdade** dentro do seo do Consello Escolar coas seguintes funcións:

- Intervir en temas relacionados coa igualdade e a Prevención da Violencia de Xénero.
- Actualizar os datos de diagnóstico da situación respecto á igualdade de Xénero no centro escolar.
- Garantir a presenza equilibrada por sexo do alumnado nos distintos grupos.
- Deseñar un protocolo de pervención e actuación fronte a situacións de acoso sexual e/ou acoso por razón de sexo ou tendencia sexual no centro escolar.
- Realizar anualmente o seguimento e avaliación do Plan.

2.- Revisar e impulsar o uso da linguaxe non sexista nos documentos do centro,

circulares informativas dirixidas aos diferente sectores da comunidade escolar e cartelería, murais, traballos grupais ou individuais expostos polo centro.

- 3.- Fomentar a participación equilibrada do alumnado en todo tipo de actividades.
- 4.- Distribuir os espazos comúns e os xogos
- 5.- Propor e organizar actividades e actos de sensibilización en torno á igualdade de xénero e á prevención da violencia de xénero.

Estas actuacións deberán estar vinculadas ás metodoloxías e a elección de materiais educativos acordes coa escola coeducativa e especificamente cos principios de empoderamento feminino, investigación e epistemoloxía feminina e novas masculinidades, así como á visibilización das diversas identidades de xénero.

6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación e seguimento do Plan de Igualdade realizarase ao remate de cada curso escolar por parte da Comisión de Igualdade creada no seo do Consello Escolar coas aportacións de todas/os os sectores da Comunidade Educativa.

Serán elaborados cuestionarios a cumprimentar por cada un dos sectores que servirán como guía para a avaliación e mellora do Plan.

Con esta avaliación anual poderase determinar o grao de consecución dos obxectivos establecidos :

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na práctica docente a traveso da realización de diferentes actividades.
- Educar en igualdade alonxándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo ou orientación sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e do home nun entorno igualitario.
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Fomentar a representación equilibrada de nenas e neos nas aulas e nas actividades ou actos que se realicen.
- Velar para que o centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.

- Fomentar a corresponsabilidade.
- Actuar en situacións de acoso e violencia de xénero.

6.1.- Referencias Legislativas

- Constitución Española
- Estatuto de Galicia
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia
- VII Plan Estratégico de Galicia para la igualdad de oportunidades entre mujeres y

hombres 2017-2020

- VII Plan de Igualdade do Concello de Teo
- Carmela Sauras Sarría : Guía Práctica “Cómo elaborar un Plan de Igualdad en

Educación”

CIG/as.pg: Coeducación O alicerce do ensino

7.- PROPOSTA ACTIVIDADES 25 DE NOVIEMBRE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Co fin de celebrar o día 25 de novembro (CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO), propoñemos as seguintes actividades a realizar durante a semana do 25 ao 29:

- Decoración do centro e o seu contorno con cinta contra as violencias e globos negros para facer visible o acto. (Día 25)
- Elaboración dun marcapáxinas (área de plástica) con algún slogan ou logotipo que faga referencia á conmemoración. (poderanse expoñer polos distintos andares).
Podedes facer uso da plantilla que se achega ou crear unha plantilla propia (según interese a cada profesor/a).(Semana do 25 ao 29). Os interesados poden solicitar a plantilla no Departamento de Orientación.
- Visionado de curtos e material diverso que hai pola rede relacionado coa temática.(áreas de CS). (Semana do 25 ao 29). Algunhas referencias en negra abaixo.
- Tamén podemos traballar os contos clásicos renovados (por exemplo refacer un conto onde se invirtan os papeis) “El bello durmiente”, “Caperucita Feroz”, “Las

tres cerditas”, “El sirenito” (áreas de Linguas). (Semana do 25 ao 29).

- Xogamos a cambiar letras de cancións machistas (área de música ou linguas) :

Remítese listado de cancións que fan referencia á temática.

- Algunhas suxerencias (curtos e música na rede):

- ¡ Alguien debió de decirnos . É un corto premiado no 1º Certame sobre a Igualdade.
- ¡ Discriminación de género en las caricaturas. Son secuencias animadas de Los Picapiedra onde se poden observar os distintos roles (duración 7 minutos).
- ¡ Machismo y sexismo en Disney. (13 minutos). Recortes de películas de Disney.
- ¡ Todos somos iguales (moi interesante)... Trata sobre sexo, orientación sexual, relixión... duración 4 minutos.
- ¡ Discriminación de género. Realizado por SecMujeres Medellín. É un corto de 4 minutos.
- ¡ Reproducción de los estereotipos de género en la escuela (Non para Infantil nin 1º ciclo)
- ¡ Niñas y niños somos iguales (Duración 2 minutos)
- ¡ Canciones infantiles y los estereotipos de género (Duración 5 minutos)
- ¡ Los payasos de la tele (teñen infinidade de cancións que asignan os roles segundo o sexo, escoita e análise das mesmas) Asi planchaba, así asi....
- ¡ www.revistaenheduanna.com.mx > especiales > 7-canciones-infantiles-que-...
- ¡ Mi mensaje a las niñas que quieren ser científicas (En youtube, é unha mensaxe que Jane Goodall (científica e primatóloga) envía ás nenas que queren ser científicas . Ten unha duración de 7 minutos). Interesante para 2º e 3º ciclos.
- ¡ Hai dúas películas interesantes para nenos e nenas tal vez de 5º e 6º . “Billy Elliot” e “ Quiero ser como Beckan”. Temática de actividades ou profesións ligadas a determinado sexo (baile e fútbol)

O presente Plan de Igualdade foi aprobado por unanimidade no Claustro e Consello Escolar celebrados o de setembro de 2021.

O Director

A Secretaria

Pablo Barge Carrete

Elena Vaamonde Porto